

SAMAÍN VERSUS HALLOWEEN, CULTURA E MERCANCÍAS: NOMBRES NA TRADUCIÓN DE HARRY POTTER

Marilar Aleixandre
Universidade de Santiago de Compostela

Introducción: criterios seguidos na tradución da onomástica

A tradución dunha obra literaria implica certo grao de adaptación e, estando de acordo con Newmark (1993) en que a mellor tradución é a más *literal*, primeiro criterio a ter en conta, hai casos nos que a plena comprensión do discurso precisa unha *contextualización*. Esta adaptación ao contexto pode demandar a recreación –aquel galeguización– de nomes propios. Se a obra está dirixida ao público infantil e xuvenil e se os nomes orixinais non son froito do azar, senón que están cargados de significado, a galeguización é a única forma de poñer ao alcance dos lectores e lectoras todas as posibilidades de lectura que o libro ofrece.

A tradución de nomes propios foi unha práctica común durante moitos séculos, non só na literatura popular (Cendrillon / Aschenputtel / Cenerentola / Cenicienta / Cinsenta / Cinderella segundo consultemos Perrault, os irmán Grimm etc.) senón ao verter unha obra narrativa ou dramática dunha lingua a outra, así Richard III convértese en Ricardo III, Othello en Otelo, Don Quijote en Don Quixote (eu escoitei a un estadounidense dicir que Cervantes escribira «Man of La Mancha») ou William Brown en Guillerme. O mesmo ocorría noutros campos distintos da literatura, como o testemuñan *Carlomagno* (chamado en Fisterra Calromán) ou *Carlos Marx*. Na Enciclopedia Espasa todos os nomes están traducidos ao castelán (*Alfredo Wegener*, por exemplo), e moitos científicos ou filósofos latinizaron o seu apellido, como Carl von Linné que pasou a asinar Carolo Linnæo. Ás veces o camiño de ida e volta deu lugar a curiosas metamorfoses como o mariñeiro fisterrán bautizado Guillerme que, chamado William durante moitos anos polos seus colegas nun barco inglés, pasou ao seu regreso a ser coñecido por *Ghulián*.

Na tradución de *Harry Potter and the Philosopher's Stone* (Rowling, 1997) ao galego (*Harry Potter e a pedra filosofal*, 2002) prestei grande atención a este aspecto,

Marilar Aleixandre

coa perspectiva de que os nomes propios (ou xenéricos) puidesen ser usados nos seis libros restantes da serie. Cómpre ter en conta que, no orixinal inglés, Joanne Rowling utiliza nomes que teñen significados moi específicos, aínda que quizais estes non sempre sexan captados polos lectores máis novos. Por exemplo, os libros agochan múltiples homenaxes ás súas autoras favoritas: Harry Potter leva o apelido de Beatrix, unha das autoras británicas de literatura infantil más famosas; a Señora Norris, a odiosa gata de Filch, chámase igual que un antipático personaxe de *Mansfield Park*, de Jane Austen, quen segundo declarou Rowling en diversas ocasións, é a escritora que máis admira. En canto a outros nomes de personaxes, a autora acode ao latín e ao francés: Albus, Minerva, para os «bos»; Voldemort, que inclúe morte, Malfoy (que, ademais de *mal*, soa como *foe*, inimigo) para os malvados. Filch, o porteiro de Hogwarts, chámase Argus, en referencia ao personaxe mitolóxico. Mesmo Dobby, o encantador trasno doméstico, procede dos mitos de Yorkshire. Ningún dos nomes que acabo de citar foron traducidos (só Argus foi galeguizado a *Argos*, aínda que estritamente debería ser *Argo*); o que quero sublihar é que nunha obra na que os nomes son importantes, parece adecuado recrear a onomástica para que o público galego poida acceder a eses significados.

Un terceiro criterio, ademais da literalidade e a contextualización, foi o coidado en conservar o *rexistro* (culto, familiar, irónico) do nome ou alcume. Na táboa 1 ilústranse estos criterios con algúns exemplos.

Criterio	Nome inglés	Tradución galega
literalidade	Gregory Smarmy	Gregorio o Garatuxeoiro
contextualización	Halloween	Samaín
rexistro	Scabbers	Morrifuento

Táboa 1 Ilustración dos criterios seguidos na tradución da onomástica

Lamentablemente a meirande parte das recreacións foron eliminadas por imposición da editorial Salamandra, que posúe os dereitos para todas as linguas de España, debido a que a partir do ano 2000 é Warner Brothers a propietaria dos dereitos e está levando a cabo a comercialización de xoguetes e obxectos co nome inglés en todo o mundo.

Neste traballo preséntanse os nomes recreados (tanto os conservados na edición como os eliminados), entre outros para as categorías de: nomes de personaxes, animais, plantas, topónimos, rúas, escolas, tendas e baiúcas, moedas, xogos. Discútense en primeiro lugar os criterios que guiaron a recreación en distintos casos, así como algúns desafíos específicos no caso dos rexistros de distintos personaxes e da tradución rimada das rimas.

Samain versus Haloween, cultura e mercancías: nomes na tradución de Harry Potter

Antropónimos e nomes de fantasmas, animais e plantas

Pessoas

A meirande parte da onomástica das persoas non se traduce, sexan nomes (Harry, Ron, Petunia) ou apelidos (Potter, Dursley, Ollivanders), e non por falta de traducións axeitadas (*Harry Oleiro* sería un nome simpático), senón por seguir un uso frecuente na actualidade. Cómpre ademais ter en conta que os protagonistas da serie eran coñecidos polo público galego antes da edición do primeiro libro traducido. O criterio seguido para os antropónimos e patronímicos foi traducir unicamente nomes de personaxes que cumprisen dúas condicións: a) seren *secundarios*, aparecer só nunha ocasión ou de forma puntual, e isto non só no primeiro volume, senón nos catro publicados en inglés; b) ter un *significado* específico, encerrar algúns tipo de xogo de palabras, como ocorre por exemplo cos autores dos libros de texto que figuran na lista da Escola Hogwarts no capítulo 5, que teñen relación cos temas dos manuais. Na táboa 2 figuran estes autores cos títulos dos libros e os nomes recreados que foron eliminados na edición.

Nome inglés	Nome galego	Libro
Miranda Goshawk	Miranda Falcón	Manual de Esconxuros
Bathilda Bagshot	Bathilde Bolsasortes	Unha Historia da Maxia
Adalbert Waffling	Adalberto Carrete	Teoría da Maxia
Emeric Switch	Emerico Mudanza	Manual do principiante en Transfiguración
Phyllida Spore	Phyllida Espora	Un milleiro de herbas e fungos máxicos
Arsenius Jigger	Arsenio Bailanocribo	Beberaxes e apócemas máxicas
Newt Scamander	Tritón Escamántiga	Animais Fantásticos e onde encontralos
Quentin Trimble	Quintín Aquelánio	As Forzas Escuras: Unha guía de autoprotección

Táboa 2 *Manuais de Hogwarts e os seus autores cos nomes galegos eliminados*

Obsérvase que, mentres os tres primeiros son manuais de carácter máis xenérico (o que non significa que carezan de nome apropiado, pois por exemplo o apelido do autor de Teoría da Maxia, *Waffling* vén de falar moito sen decir nada, o que se traduciu por *Carrete*), os autores dos outros teñen nomes axeitados á súa especialidade, como Emerico Mudanza, autor do libro sobre transformacións duns seres noutrous, Phyllida Espora, experta en botánica ou Tritón Escamántiga en fauna. Arsenio

Marilar Aleixandre

Bailanocribo (*Jigger* significa bailarín de *jiga*, pero tamén todo o que abanea) pode deber os seus andares zigzagueantes a certos excipientes utilizados nas beberaxes. A maioría dos apelidos foron traducidos da forma máis literal posible, mentres que algúns como Bolsasortes ou Aquelílio foron recreados. Outro autor dun libro que non estaba incluído na lista, pero que Harry pretendía mercar é Vindicto Viridiano (*Vindictus Viridian*) autor de *Mal de ollo e esconxuros contra el*, que leva o suxestivo subtítulo de *enfeitiza os teus amigos e aparva os teus inimigos coas últimas vinganzas: calda do cabelo, pernas-de-xelatina, nb-na-lingua*.

Outros nomes de personaxes secundarios que se prestaban á tradución ou galeguización son por exemplo: Argus Filch que, como se indicou máis arriba foi transformado en *Argos Filch*, por ser este o nome galego do personaxe mitolóxico; Uric the Oddball, un prócer estudado en Historia da Maxia, que pasou a ser *Urico o Guillado*; *Gregorio o Garatuxeiro* (Gregory Smarmy) é unha estatua que marca a entrada dun dos múltiples pasadizos de Hogwarts. En todos os casos pretendeuse unha tradución literal, e, no último, escolleuse a que favorecía a aliteración entre outras posibilidades (*Smarmy* podería tamén traducirse, por exemplo, como *lambe-cus*). Estas traducións foron conservadas na edición.

Fantasmas e trasnos

Os fantasmas como *Nick Case Decapitado* (*Nearly Headless Nick*) e *O Barón Sanguiñento* (*The Bloody Baron*) teñen nome en galego grazas a que foran traducidos previamente na edición en castelán (anterior aos acordos coa Warner), pois este foi o singular criterio utilizado pola editorial á hora de autorizar ou non a tradución ao galego. Cómprate sinalar que na tradución ao castelán non se prestou moita atención á onomástica, deixando en inglés, non só apelidos como no caso dos autores de manuais citados más arriba, senón nomes de obxectos, rúas ou xenéricos de animais –como se discute máis adiante– que noutras traducións do libro, por exemplo a portuguesa editada no Brasil, foron traducidos ou recreados; nas primeiras edicións mesmo chegou a deixarse sen traducir o nome do espello de Oxesed (*Erisèd*, é dicir *desire*, desexo) e, más grave, a frase escrita sobre el na lingua dos espellos de atrás para adiante, o que facía imposible descifrar o enigma para lectores adolescentes que non dominen o inglés. En edicións posteriores, a partir entre outras dunha crítica realizada en CLIJ (Aleixandre, 1999), este erro foi corrixido e algúns animais recuperaron a súa categoría zoolóxica orixinal, como o sapo Trevor, pertencente a Neville, que nas primeiras edicións en castelán fora *transfigurado* nunha tartaruga, suponho que por considerar a tradutora os sapos como bichos noxentos que fan poñer medo aos rapaces. Resulta paradoxal que fose esta tradución incompleta e chea de erros a considerada como patrón para permitir ou prohibir a tradución de nomes ao galego.

Nick Case Decapitado (ou segundo prefíre ser chamado, Sir Nicholas de Mimsy-Porpington) está amolado, pois por culpa dun verdugo trapalleiro que deixou un par de centímetros de pel unindo a súa cabeza co corpo non logra ser admitido na elitista compañía de Cazadores Sen Cabeza. En canto ao Barón Sanguiñento é

Samain versus Haloween, cultura e mercancías: nomes na tradución de Harry Potter

case o único a quen Peeves, o maligno poltergeist, ten algúñ respecto, o que será aproveitado por Harry nos últimos capítulos do libro.

Dos trasnos, comezaremos por discutir os xenéricos e despois os poucos casos nos que teñen nome propio. Nos libros de Harry Potter aparecen polo menos tres grupos: os *trasnos* propriamente ditos (House-elf), os *sumicios* (goblins) e os *sacaúntos* (bogies). Decidiuse deixar o nome de trasnos para os primeiros, de carácter doméstico, como Dobby, aínda que non aparecen ata o segundo libro da serie, por entender que había unha correspondencia entre estes trasnos familiares e os galegos. Para os sumicios, que gardan tesouros baixo a terra, sendo os encargados por exemplo da Banca dos Meigos, recofiezo a miña débeda con Xosé Miranda, especialista en habitantes da Galicia máxica, con quen consultei a cuestión. En canto aos *bogies*, é certo que en inglés son más numerosos que en galego, onde o Sacaúntos acostuma ser un individuo isolado, mais as súas sinistras actividades son do mesmo carácter, o que levou a escoller este nome entre outros possibles.

Uns poucos destes seres teñen nome propio, como é o caso de *Grifonchudo* (Griphook) que guía a Hagrid e Harry polas profundidades da Banca dos Meigos, pero ao non estar traducido na versión en castelán, tivo que quedar co nome inglés. Neste caso, máis que tradución trátase dunha recreación ao estilo carrolliano entre grifón e gancho.

Animais e plantas: dragóns e mascotas

Nos nomes xenéricos de animais e plantas impõe a tradución literal, e non serán discutidos aquí. Nuns poucos casos permitíñmese algunha licenza, como é o das pugas de *faneca brava* (lionfish) utilizadas por Harry na clase de Apócemas no capítulo 12. O *lionfish* é un peixe do Pacífico, pero é semellante á faneca brava e posúe como esta pugas velenosas. O *Vencello do Demo* (Devil's Snare), que está a piques de esganar a Ron e Harry no capítulo 16, é das poucas plantas ás que se asigna un nome. A maioría do alumnado de Hogwarts, incluído Harry, ten un moucho como mascota e servizo de correos. Aínda que *owl*, é literalmente *bufo*, en inglés empréga-se como xenérico para as rapinas nocturnas, a mesma función que en galego ten *moucho*.

Os diferentes tipos de dragóns merecían unha tradución adecuada: o *Verde Galés do pais* (Common Welsh Green) e o *Negro das Hébridas* (Hebridean Black). Un caso especial é o de Norberto, o *cristado noruegués* (Norbert, the Norwegian Ridgeback) a mascota de Hagrid que dá nome ao capítulo 14, pois resulta difícil comprender por que o dragón Norberto non pode ser *cristado*, senón *ridgeback*. A única razón que se deu é que en castelán o calificativo non fora traducido, talvez por descoñecemento da criptozooloxía, ou da zoología a secas, pois cristado é como se denomina un animal que leva unha crista no lombo, exactamente o que significa *ridgeback*. Rowling xoga aquí, para evocar a ferociade, co nome dun can de caza (Rhodesian Ridgeback) empregado orixinalmente para cazar leóns, e chamado así por posuér no lombo unha crista de pelos que van en dirección contraria.

Marilar Aleixandre

Mascotas que teñen nome propio son por exemplo *Morriñento* (*Scabbers*), a vella rata de Ron, e *Dondiño* (*Fluffy*), cariñoso alcume de Hagrid para o xigantesco e fero can de tres cabezas. A imposición de conservar o nome inglés fai que a ironía difficilmente poida chegar ao lector galego. En ambos casos o criterio para a tradución foi procurar a maior literalidade, utilizando un rexistro equivalente ao empregado en inglés. Quizais *Scabbers* podería ter outras traducións más técnicas, pero que na nosa opinión non conservan o rexistro cotidiano como o fai Morriñento. Na táboa 3 resúmense algúns dos nomes de trasnos e animais.

Nome inglés	Nome galego
<i>Trasnos, sumicios</i> Griphook	<i>Trasnos, sumicios</i> Grifonchudo*
<i>Dragóns:</i> Common Welsh Green Hebridean Black Norwegian Ridgeback	<i>Dragóns:</i> Verde Galés do país Negro das Hébridas Cristado* noruegués
<i>Mascotas:</i> Scabbers Fluffy	<i>Mascotas:</i> Morriñento* Dondiño*

Táboa 3 *Nomes galegos de trasnos e animais, con * os eliminados na edición*

Meigas, meigos, meigallos e materias de estudio asociadas

Un caso particular, pola grande relevancia que ten no libro, é todo o relacionado coas meiguerías. Como xenérico decidiuse empregar *Meigos e Meigas* (*Wizard, Witches*) ainda que nalgúnha ocasión empréganse como sinónimos *magos* ou *magas* e *feiticeiras* ou *feiticeiros*. O criterio é ser *meigo* a forma patrimonial, ademais de permitir un tratamento más equilibrado dos dous sexos (que non se dá na tradución ao castelán, onde se traduce sempre *witch* por *bruja*), tendo en conta que en galego (igual que en castelán), *bruxa* ten unha connotación negativa en maior grao que *witch*, o que leva a unha asimetría para o alumnado e profesorado de Hogwarts. Unicamente se emprega *bruxa* para traducir *Hag* que aparece no capítulo 5, e corresponde a unha feiticeira vella con malas intencións.

Os nomes propios dos meigos e meigas de Hogwarts non foron traducidos. O único caso no que se contextualizaron é o dos cromos dos Famosos Meigos e Feiticeiras das ras de chocolate, e que ademais de Dumbledore, Morgana, Paracelso, Circe e Merlín que conservan o mesmo nome (galeguizado no caso de Paracelso e Merlín), inclúen a *Lila de Mazaira, don Gabir Arábigo e a Carteira de Batñas* en substitución de Hengist of Woodcroft e Alberic Grunnion. Lila de Mazaira (de Castro Caldelas) foi tirada do *Diccionario dos Seres Míticos Galegos* (Cuba, Reigosa e Miranda, 1999), e don Gabir Arábigo é un dos sabios que poboan a historia de

Samaln versus Haloween, cultura e mercanzías: nomes na tradución de Harry Potter

Merlín segundo Cunqueiro (1955). A Carteira de Bañas porén, procede das crónicas reais das terras do Xallas e ainda na década dos 60 impartsa a súa sabedoría nesa localidade. Estes nomes foron conservados na edición.

No mundo de Harry Potter a maxia lévase a cabo mediante *esconxuros* (spells) enunciados en latín. Sobre esconxuros trata precisamente a materia ditada polo profesor Flitwick, *Charms*, traducida tamén en ocasións como *feítizos*. Un tipo de esconxuros utilizados por Voldemort e os seus secuaces son os *meigallos* ou *maleficios* (curse) que poden paralizar temporalmente a un oponente, deixarlle as pernas unidas como o *Meigallo Traba-pernas* (Leg-Locker curse) ou, en casos más serios, chegar a matalo. Todo isto hai que aprendelo e pasar exames: as materias impartidas en Hogwarts parecen causar tantas dores de cabeza aos estudiantes como as doutras escolas que coñecemos. Ademais de Esconxuros, outras son *Defensa contra a Maxia Negra* (Defence against the Dark Arts) e *Apócemas* (Potions), impartida polo lúgubre Severus Snape. Por certo que na tradución castelá estas aparecen calcadas como «Defensa Contra las Artes Oscuras», e «Pociones». Non pretendo discutir aquí con detalle a forma en que foi realizada esta tradución, só sublinhar que ao ser utilizada como patrón, algunas das súas deficiencias, sobre todo en canto a nomes non traducidos, trasladáronse á versión galega.

Unha das noites en que os meigos andan ceibos é a véspera de Defuntos, o *Samaln*. Ainda que este nome ten, segundo as miñas noticias, un uso restrinxido á área de Cedeira e nin sequera está recollido nos dicionarios, recuperouse a súa celebración e está estendéndose a outros lugares, polo que me pareceu adecuado utilizarlo para traducir *Halloween*. Como noutros casos, debido a non estar traducido na edición en castelán, foi eliminado.

Toponimia, vilas e rúas

O criterio empregado en canto á toponimia foi, por unha banda utilizar os nomes galegos de lugares que teñen tradución consolidada (Londres), e deixar en inglés os lugares reais que non a teñen (Kent). Tradúcronse ou recreáronse únicamente os nomes de lugares pequenos, inventados por Rowling, intentando respectar o significado no caso en que o teñen, como os que aparecen a continuación:

- *As Engrobas de Goderico* (Godric's Hollow), a vila onde estaban agochados os pais de Harry cando Voldemort os matou.
- *Zoantiño* (Little Whinging), a vila onde viven os Dursley, e Harry cando non está en Hogwarts, que aparece tamén nos restantes volumes.
- *Larañiño* (West Ham) lugar de procedencia dun equipo de fútbol do que é sacerdote Dean, un dos compañeiros de cuarto de Harry.

En canto ás rúas, Harry e os Dursley viven na *quella do Abruñeiro* (Privet drive); ainda que en realidade *privet* significa «alheña». Pero tanto como os demás topónimos foron eliminados da tradución galega e aparecen en inglés.

Marilar Aleixandre

Nomes de negocios, banco, baiúcas, tendas e colexiós

Todo estes nomes, que na meirande parte dos casos parecen postos con intención, foron traducidos ao galego, áñda que parte despareceron baixo a censura editorial, como se ilustra na táboa 4. A tradución procurou a maior literalidade posible ou, no seu caso a recreación, como no banco *Gringotes* que evoca «dingotes» igual que Gringotts evoca «ingots». *Eeylops* non ten tradución, e *Biosbardos* pareceume un nome adecuado para un comercio onde un pode mercar mouscos e outros animais un pouco ratiños.

Nome inglés	Tradución galega
<i>Banco</i> Gringotts	<i>Banco</i> Gringotes*
<i>Tendas</i> Eeylops Flourish & Blotts	<i>Tendas</i> Biosbardos Rúbrica e Borranchos*
<i>Baiúcas</i> The Leaky Cauldron Hog's Head	<i>Baiúcas</i> O Caldeiro Pingón A Cacheira de Porco
<i>Colexiós</i> Smeltings Stonewall	<i>Colexiós</i> Ferreirías* A Muralla*

Táboa 4 Nomes de negocios, baiúcas, colexiós; con * os eliminados na edición

Obxectos, moedas, xogos

As moedas empregadas no mundo dos meigos son un chisco máis doadas de manexar que os euros, pois teñen só tres valores: *galeóns* de ouro, *siclos* de prata e *canutos* de bronce; vinte e nove canutos fan un siclo e dezasete siclos un galeón, seguindo unha lóxica tipicamente británica que lembra a relación entre libra, chelns e peniques antes da reforma decimal. Galeón é a tradución literal de *galleon*, mentres que *sickle*, literalmente fouciño, foi traducido como *siclo*, para evitar confusións coa ferramenta e porque *siclo*, cun son moi semellante ao inglés, é unha moeda. En canto a *knut*, como obxecto non ten significado, é foi traducido como *canuto* por equivalencia co nome dos reis nórdicos. Dos tres, só os galeóns, que foran traducidos en castelán, sobreviviron na edición galega.

O deporte preferido dos meigos (e meigas, pois os equipos son mixtos) é o Quidditch, que posúe unhas elaboradas regras, contando con tres tipos de pelotas, pispa dourada, larpadela e fungueiras e catro categorías de xogadores, buscador, gardián, cazadores e malladores, que, cos outros obxectos, se resumen na táboa 5.

Samain versus Halloween, cultura e mercancías: nomes na tradución de Harry Potter

Nome inglés	Tradución galega
<i>Moedas</i>	<i>Moedas</i>
<i>galleon</i>	<i>galeón</i>
<i>sickle</i>	<i>siclo*</i>
<i>knut</i>	<i>canuto*</i>
<i>Xogo do Quidditch</i>	<i>Xogo do Quidditch</i>
<i>Golden Snitch</i>	<i>pispa dourada</i>
<i>Quaffle</i>	<i>larpadela</i>
<i>Bludgers</i>	<i>fungueiras</i>
<i>Seeker</i>	<i>buscador</i>
<i>Keeper</i>	<i>gardíán</i>
<i>Chasers</i>	<i>cazadores</i>
<i>Beaters</i>	<i>malladores</i>
<i>Outros</i>	<i>Outros</i>
<i>Mars bars</i>	<i>chocolate <i>La Perfección</i></i>
<i>Remembrall</i>	<i>Lembradora</i>

Táboa 5 Nomes de obxectos, moedas, xogos; con * os eliminados na edición

As traducións das categorías de xogadores son literais, pero cos tres tipos de pelota isto non foi posible, ao tratarse de termos acuñados por Rowling. O verbo *snitch* significa pispar, roubar (apropiado para unha pelota voadora que debe ser apañada), de aí o nome de pispa. *Quaffle* parécese a *quaff* beber dun trago, larpar, polo que foi traducida como larpadela. As *bludgers* parecen relacionada con *bludgeon*, tranca, ou *fungueiro* e actúa dessa forma; adoptouse o feminino por tratarse dunha pelota.

Outro obxecto máxico é a Lembradora, que Neville recibe da súa avoa para que non esqueza as cousas. Entre as moitas larpeitadas hai algunha que non foi traducida literalmente, como o chocolate *La Perfección*, xenuinamente galego que ten unha existencia tan real como as barriñas Mars.

Personaxes e rexistros; tradución das rimas

Debido á sinxeleza estilística a tradución non presentou gran dificultade, e os desafíos centráronse, ademais da galeguización de nomes e topónimos, en reproducir en galego os rexistros de distintos personaxes así como nas rimas.

Un exemplo de diferenza de rexistros é o que existe entre Hagrid, o gardabosques, quen utiliza unha linguaxe popular, representada en inglés con palabras incompletas ou modificadas –*an'* por *and* ou *yer* por *your*– ou formas verbais incorrectas –*you was* no canto de *you were*– e os profesores de Hogwarts que falan un inglés impecable. Así como en inglés existe unha representación escrita, codificada e utilizada por numerosos autores, da fala popular, sobre todo en convencións, preposi-

Marilar Aleixandre

ciones ou pronomes que non afectan á comprensión, en galego non ocorre o mesmo. Hagrid emprega poucas palabras alteradas ou con variantes (como *condanado* ou *pra*), recorrendo a xiros que diferencian a súa fala: *¡E vaites co Harry!* é o seu saúdo ao protagonista. Os seus particulares exabruptos foron traducidos coa maior aproximación que permitise conservar as aliteracións, así *¡Gárgolas galdrumeiras!* (Gulping Gargoyles) ou *¡Gorgonas galopantes!* (Galloping Gorgons)

A tradución (rimada) das rimas –que incomprendiblemente na edición en castelán non riman– suscita dificultades que razóns de espazo impiden detallar.

En resumo, traducir a Harry Potter para o galego foi unha actividade estimulante, mágoa que parte do esforzo investido non pasara á edición impresa, debido a razóns comerciais: a venda pola Warners de xoguetes e bonecos que impón a conservación dos nomes en inglés. Obrigar aos rapaces e rapazas galegos a ler os nomes en inglés parece unha mostra máis da colonización de Europa pola industria cultural estadounidense, ante a que quizais teñamos que deseñar posibles formas de resistencia.

BIBLIOGRAFÍA

- Aleixandre, M. (1999) «La lengua del espejo: Harry Potter traducido». *CLIJ*, decembro.
- Cuba, X., Reigosa, A. e Miranda, X. (1999) *Diccionario dos Seres Míticos Galegos*. Vigo: Xerais.
- Cunqueiro, A. (1955) *Merlín e Familia*. Vigo: Galaxia.
- Newmark P. (1993) *Manual de Traducción*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Rowling, J.K. (1997) *Harry Potter and the Philosopher's Stone*. London: Bloomsbury.
- Rowling, J.K. (2002) *Harry Potter e a pedra filosofal*. Vigo: Galaxia (Tradución de M. Aleixandre)